

TEMA 1
O ANTIGUO RÉXIME:
CARACTERÍSTICAS SOCIAIS , ECONÓMICAS E POLÍTICAS
A ILUSTRACIÓN

I.- O ANTIGUO RÉXIME. CONCEPTO E CARACTERIZACIÓN.

1.- **Concepto.**

2.- **Características:**

- A.- Demografía antiga.
- B.- Economía.
- C.- Sociedade.
- D.- Política: Absolutismo (Bossuet)

II.- A ILUSTRACIÓN.O SÉCULO DAS LUCES.

1.- **Concepto.**

2.- **Características.**

3.- **Economía:**

- A.- Fisiócratas (Quesnay)
- B.- Liberalismo (Smith)

4.- **Socio-política:**

- A.- Precursores ingleses do S XVII:
 - Locke e o parlamentarismo inglés.
 - Hobbes.
- B.- Voltaire.
- C.- Montesquieu e a separación de poderes.
- D.- Rousseau e a soberanía popular.
- E.- Despotismo Ilustrado.

5.- **Difusión das Luces.**

I.- O ANTIGO RÉXIME. CONCEPTO E CARACTERIZACIÓN.

1.- CONCEPTO:

- ☞ **Conxunto de características sociopolíticas, económicas e xurídicas que conforman a Europa entre os S XVI – XVIII.**
- ☞ Procedía da descomposición do feudalismo medieval, e vai ser substituído paulatinamente durante o SXIX polas propias da sociedade capitalista.
- ☞ A expresión "**Antigo Réxime**" foi utilizada por vez primeira polos revolucionarios franceses de 1789 para referirse ao sistema político, económico e social que a Revolución pretendía abolir. A expresión implicaba a idea de decadencia, en contraposición a un réxime que desexaban establecer.

2.- CARACTERÍSTICAS:


A.- DEMOGRAFÍA ANTIGA:

- ☞ Crecemento vexetativo moi baixo: alta natalidade e alta mortalidade.
- ☞ Frecuentes crises de subsistencias (agricultura atrasada): malas colleitas → fame → enfermidades, falta de hixiene → alta mortalidade.
- ☞ S XVIII: países como Gran Bretaña, Francia, Holanda → comencan a ter excedentes alimentarios debido a unha mellora na agricultura e , por conseguinte, unha diminución da mortalidade (aumento demográfico)



B.- ECONOMÍA:

- ☞ **Feudal agraria:** o mundo rural supón un enorme peso: 80-90% poboación campesiña
 - Europa oriental: situación de servidume, diferenciándose pouco da escravitude.
 - Europa Occidental e Mediterránea: mellor situación, pero boa parte da súa produción quedaba en mans dos propietarios da terra (nobles, igrexa, Estado).
 - Propietarios das 2/3 terras: nobles e clero (señoríos polos cales recibían rendas de carácter feudal). A propiedade era vinculada, é dicir, o propietario pode sacar proveito dela pero non era libre de vendela.
 - Estancamento agrícola: agricultura de subsistencia (productividade baixa, atraso tecnolóxico, autoconsumo e case nulo comercio): crises de subsistencias.
 - Traballo en "openfields" (campos abertos): o terrazgo se dividía en varias follas e os costumes colectivos impedían as innovacións agrícolas.
 - Importancia das terras comunais.
- ☞ **Industria:**
 - Artesanal e gremial.
 - S XVI – XVIII: Domestic system: industria de tipo rural que compaxinaba o traballo agrícola co traballo doméstico na "industria " textil de lá e liño.
 - S XVIII: manufacturas
- ☞ **Mercantilismo (Colbert – 1619- 83 - , ministro do rei francés do S XVII, Luis XIV): doutrina económica en boga en Europa e as súas colonias entre os S XVI – XVIII:**



J.-B.Colbert

- A riqueza dun país radica na acumulación de metais preciosos (ouro e prata).
- Proteccionismo: Aumentar as exportacións, e limitar e reducir as importacións con taxas aduaneiras ós produtos estranxeiros, para así elevar os seu prezo e ser menos competitivos que os produtos nacionais.
- Fomento das manufacturas (instalacións industriais).
- Economía regulada polo Estado.

☞ Comercio:

- **Interior:** escaso (non hai excedentes, transportes precarios, pouca demanda) a base da celebración de feiras.
- **Colonial:**
 - Obtéñense materias primas baratas nas colonias (África, América, Asia) a cambio de produtos manufacturados, obtendo grandes beneficios.
 - Auxe da burguesía comercial (mercaderes, banqueiros e traficantes de escravos)
 - Ao mesmo tempo estimulou a actividade industrial en Europa, unha actividade baseada na produción artesanal de manufacturas en pequenos obradoiros.
 - O comercio foi así a base dun incipiente **capitalismo comercial:** Denomínase capitalismo comercial á acumulación de capital procedente dos beneficios orixinados polo comercio, moi especialmente o ultramarino, que as potencias europeas tiñan con América, Asia e África entre os séculos XVI e XVIII. Basicamente supoñía a existencia nesas áreas dunha agricultura que proporcionaba enormes beneficios porque a man de obra resultaba moi barata -escrava ou semiesclava- e polo alto prezo que algúns produtos coloniales alcanzaban en Europa. Esta expansión comercial propiciou a prosperidade de varias áreas da Europa do NW e moi especialmente de Gran Bretaña, e permitiría máis tarde investir eses capitais na industria e na banca e dar así o paso ao capitalismo industrial e financeiro.

C.- SOCIEDADE ESTAMENTAL:

- ☞ Sociedade **xerárquica**, cunha estrutura piramidal, na que as relacións entre os chanzos da pirámide está marcada pola subordinación económica, social e política do pobo cara a nobleza e clero.
- ☞ **Carácter pechado:** o nacemento marca a pertenza a un grupo social ou outro, excepto ó clero.
- ☞ **3 estamentos** o grupos sociais de orixe medieval, nas que os privilexios marcan o principio de desigualdade ante á lei:

- **Privilexiados:**
 - **Nobleza ou aristocracia** (2 – 3 %):
 - Propietarios da maioría das terras. Practican o morgado (mayorazgo): os bens transmitense directamente ó primoxénito sen dividilos nin vendelos
 - Exención de impostos
 - Sistemas xudiciais propios
 - Monopolios dos altos cargos
 - Dereitos feudais e señoriais:
 - Percepción de rendas e beneficios polo uso das súas propiedades
 - Señorío xurisdiccional e imparten xustiza.
 - **Clero** (1 %): único estamento aberto:
 - gran riqueza patrimonial
 - relevancia e influencia ideolóxica e social
 - exentos de impostos
 - grupo heteroxéneo: enormes diferencias entre o alto clero (bispos, abades,...), que vivían como a nobleza, e o baixo clero (sacerdotes, monxes,...) cunha vida modesta e sen privilexios.



- **Pobo (3º estado)** ± 95% sen privilexios: campesiños, artesáns, comerciantes, e burguesía profesional e de negocios → interese común→ lograr a igualdade de dereitos.

- **Campesiños:**

- A inmensa maioría da poboación.
- Podían ser arrendatarios ou propietarios, pero a gran maioría non dispoñía de terras.
- Suxeita a vínculos de dependencia cos propietarios das terras (nobles e clero)
- Condicións de vida precarias.
- Pagaban a maioría dos impostos (reais, señoriais, eclesiásticos)

- **Clases populares urbanas:**

- Traballadores manuais: artesáns e obreiros das manufacturas sobre todo.

- **Burguesía:**

- Minoría que foi gañando poder económico(actividade comercial e financeira, sobre todo) e prestixio social, pero á que lle falta poder político, que intentará acadar a través dunha serie de revolucións ó longo do S XIX.
- Nas súas mans estaban o comercio e as finanzas (mercaderes, prestamistas e banqueiros, debido á necesidade de capitais)
- Artesáns e pequenos comerciantes.



D.- POLÍTICA: ABSOLUTISMO paradigma→ Luis XIV de Francia: "*L'Etat c'est moi*"



BOSSUET

- Monarquía absoluta lexitimada por "dereito divino": poder absoluto, só limitado por nobles e igrexa.
- Excepto Gran Bretaña(revolución 1688: parlamento.) e Provincia Unidas (Holanda).
- **Bossuet (1627 – 1704):** "Monarquía de dereito divino": o poder do rei ven de Deus e só responde ante el, sen límites terrenais.



II.- A ILUSTRACIÓN.O SÉCULO DAS LUCES.

1.- CONCEPTO:

SXVIII (Século das Luces “)→ movemento intelectual, que ten a súa orixe en Inglaterra no S XVII e se estende por Europa no S XVIII, cun pensamento crítico sobre os fundamentos que sostían a sociedade do Antigo Réxime.

En todos os países os círculos ilustrados foron minorías cultas pero moi influíntes e os seus membros -filósofos ou ilustrados- procedían socialmente da nobreza, do clero e dos novos sectores burgueses emerxentes -comerciantes, industriais, funcionarios, etc.-, é dicir, sectores que pola súa posición económica e social tiñan acceso á cultura. Os círculos ilustrados máis influíntes desenvolveron o seu labor nos Estados de Europa Occidental e Central, e sobre todo en Francia.

As consecuencias últimas das ideas da Ilustración eran claramente revolucionarias para o seu tempo e acabaron por sentar as bases para o liberalismo do século XIX

2.- CARACTERÍSTICAS:

- **Razón:** explicación racional do mundo, en contra da superstición, tradición e dogmas relixiosos. Desenrolo da ciencia (p.x. Isaac Newton, 1643-1727)
- **Progreso:** gracias á ciencia e a técnica, que permiten o avance e mellora da humanidade. Poténcianse as chamadas “ciencias útiles”: matemáticas, física, química, bioloxía e historia natural,...
- **Natureza:** xusta e boa, é a orixe de todo, só falseado e corrompido polo home, que é bo es estado natural.
- **Felicidade:** é un dereito do home e é un fin en si mesmo.
- **Visión crítica** da sociedade do seu tempo para a que desexaban profundos cambios. O pensamento ilustrado afirmaba que os seres humanos nacen libres e iguais, que posúen dereitos naturais inviolables e que o libre exercicio do talento individual debía constituír a base do sistema social. Por iso criticaban frecuentemente nos seus escritos ás institucións tradicionais, incluída a Igrexa, os ríxidos costumes sociais, as trabas que os *gremios* poñían á liberdade de industria e que dificultaban o progreso técnico, etc.

3.- ECONOMÍA: éntrase en oposición ó mercantilismo:

A.- Fisiócratas (Quesnay – 1694-1774):

- A riqueza provén directamente da terra, da agricultura.
- A economía ten leis naturais: Non intervención do Estado na actividade económica.

B.- Liberalismo: Adam Smith (1723-90) → fundamentos teóricos do liberalismo económico (“ Investigación sobre a natureza e as causas da riqueza das nacións “ – 1776):



- Individualismo: a busca do interese individual aumenta a riqueza colectiva.
- O traballo é a principal fonte de riqueza: o valor e o prezo das mercadorías procedían do traballo.
- Libre mercado (librecambismo): Liberalización dos factores de produción: capital, terra e traballo.
- Lei da oferta e da demanda: o prezo de oferta é fixo, e que é

- únicamente a demanda a que fai que o prezo suba ou baixe.
- É unha crítica ó sistema económico do AR baseado na propiedade da terra coma primeiro valor.

4.- SOCIO-POLÍTICA:

A.- Precusores ingleses do S XVII:

- John Locke (1632 – 1704) e o parlamentarismo inglés:**
 - Monarquía limitada por un parlamento: A revolución inglesa de 1688, restaura o “contrato social” entre gobernantes e gobernados, establecendo un sistema político pactado pola sociedade sen existencia de poder absoluto.
 - Dous poderes que deben estar separados: lexislativo e executivo.
 - Dereito á resistencia ante a tiranía ou poder arbitrario, clara xustificación da revolución.
 - Considerado pai do liberalismo.
- Hobbes (1588 . 1679):** A soberanía está no rei, pero o seu poder non veu de Deus.

B.- Voltaire (1694- 1778):



- Liberdade política e de pensamento e tolerancia relixiosa: “Non estou de acordo co que dis, pero defendería ata a morte o teu dereito a decilo”
- Aboga por substituír as relixións reveladas polo deísmo, unha nova relixión.
- Gran divulgador das ideas ilustradas.

C.- Montesquieu (1685 – 1755) e a separación de poderes: “O espírito das leis“(1748):

- Sistema monárquico constitucional
- Separación dos 3 poderes: lexislativo, executivo e xudicial, para evitar a tiranía, completando así o pensamento de Locke.

D.- Rousseau (1712 – 78) e a soberanía popular (precursor da democracia):

“Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes” (1754) e “ O contrato social”(1762):

- Goberno coma un contrato suma das vontades individuais (soberanía popular), na que os gobernantes non son máis que representantes do pobo a través do seu voto.
- Pecursor da democracia: crítica á propiedade e defensa da igualdade entre todos os seres humanos.

E.- Despotismo Ilustrado (ou absolutismo ilustrado): monarcas que foron influídos polas ideas ilustradas no seu goberno, en contra da igrexa e a nobleza. Gobernan para o pobo pero sin o pobo (medo á revolución).

- Características
 - Absolutismo
 - Racionalizar a administración.
 - Fomento da educación.
 - Modernización económica e facilitan a liberdade de comercio.
- Federico II de Prusia, Catalina II de Rusia, Xosé II de Austria, Carlos III de España, Gustavo III de Suecia.
- Resultado limitado, xa que a burguesía buscaba unha maior

cuota de poder e o pobo non melloraba as súas condicións de vida, preparándose así o camiño ás revolucións liberais de finais do S XVIII (Francia) e do S XIX en toda Europa.



5.- DIFUSIÓN DAS “LUCES “:

- Enciclopedia (1751-1776): Diderot e D’Alambert, coa colaboración dos “ilustrados” (Voltaire, Rousseau, Montesquieu,...)
- Base dos partidos políticos.
- Xornais, academias científicas e humanísticas.

